

Circular informativa. Curso 2016-2017

Beatriz Rodríguez Moreiras

Departamento de Matemáticas. Facultade de Matemáticas

Universidade de Santiago de Compostela

Tfno:881813148. Correo electrónico: beatriz.moreiras@usc.es

Estimados/as compañeiros/as:

Como directora do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II e en nome de todo o grupo, póño-me en contacto con todos vós para vos saudar neste novo curso e comunicarvos que debido aos cambios normativos e ao novo programa da materia, actualizáronse as informacións relativas a:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación
- Modelo de exame

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecemento mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

No documento “Criterios xerais de avaliación”, como veredes non se modifican as puntuacións dos exercicios de cada bloque, e continuará habendo un exercicio de Álgebra, un de Análise e dous de Probabilidade e Estatística. Sería conveniente que lles advertírades aos/ás alumnos/as que se resoven exercicios das dúas opcións, só se avaliarán os exercicios da opción que correspondan ao primeiro exercicio que responda o/a alumno/a. Tamén sería conveniente que comentárades con eles os Criterios xerais de avaliación da proba.

Pódense utilizar calculadoras científicas non programables e sen capacidade gráfica e todos os procesos conducentes á obtención de resultados deben estar razoados.

O feito de colgar un “modelo de exame” non se debe a que haxa cambios na súa estrutura, nin no nivel de dificultade con respecto a outros exames de cursos anteriores, senón que serve de resposta a preguntas sobre se ía entrar ou non o contido novo no exame. Desta forma, aínda que hai contido novo, cremos que non se aumenta o nivel de dificultade.

Só me queda poñerme á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facerme. Non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquer aclaración.

Recibide un cordial saúdo.



Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017